



DATOS IDENTIFICATIVOS

Xeografía de Galicia

Materia	Xeografía de Galicia			
Código	O02G251V01908			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	de Uña Álvarez, Elena Pilar			
Profesorado	de Uña Álvarez, Elena Pilar			
Correo-e	edeuna@uvigo.gal			
Web	http://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	Estudo xeral dos elementos, dos procesos e das configuracións territoriais de Galicia. Achegamento ao coñecemento e interpretación da súa realidade xeográfica, especialmente no marco europeo. Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer o territorio (ambiente, sociedade, cultura) dende unha perspectiva diacrónica e sincrónica
B3	Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica
C4	Conciencia crítica da relación entre os fenómenos xeográficos, físicos e humanos, a diferentes escalas territoriais
C5	Integración das dimensións espacial e temporal na explicación dos procesos territoriais
C18	Coñecemento e habilidade para usar os instrumentos de recompilación de información tales como catálogos bibliográficos, inventarios de arquivo e referencias electrónicas
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Aplicación dos coñecementos
D4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
D5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento
D6	Resolución de problemas e toma de decisións.
D8	Compromiso ético e responsabilidade social
D9	Traballo en equipo en diversos contextos
D13	Iniciativa e espírito emprendedor
D15	Sensibilidade a temas ambientais.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecemento da contorna próxima, local e rexional, e da súa Historia	A3	B1	C4 C5	D1 D2 D4

Participación en seminarios, previa realización de lecturas, sobre un tema concreto	A5	B1	C5	D1 D4 D5 D8 D15
Interpretación do medio próximo a partir do coñecemento do pasado.	A3	B3	C5	D1 D5
Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas	A4	B3	C18	D2 D4 D6 D9 D13

Contidos

Tema

1. Introducción	1.1 Conceptos básicos 1.2 Dimensións diferenciais
2. Identidade do territorio	2.1 Referentes 2.2 Ámbitos estratéxicos
3. Unidades dinámicas	3.1 Áreas funcionais 3.2 Patrimonio, sociedade, cultura

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	1	3
Lección maxistral	13	10	23
Eventos científicos	6	3	9
Estudo de casos	6	6	12
Traballo tutelado	3	20	23
Saídas de estudo	10	8	18
Exame de preguntas obxectivas	4	20	24
Traballo	2	20	22
Observación sistemática	2	10	12
Presentación	2	2	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades para detectar coñecementos previos, intereses e motivacións do alumnado. Presentación dos obxectivos, contidos, metodoloxía e desenvolvemento da materia.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Eventos científicos	Conferencias, faladoiros, exposicións, mesas redondas, debates... realizados por relatores de prestixio, que permiten profundar ou complementar os contidos da materia.
Estudo de casos	Análise das condicións e da dinámica dunha situación ou problemática relativa os contidos da materia.
Traballo tutelado	Realización dunha investigación sobre a temática da materia, elaborando un documento que reflicte as hipóteses, procedementos e resultados.
Saídas de estudo	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos non académicos exteriores.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Saídas de estudo	A atención personalizada consistirá no acompañamento e motivación activa na actividade, o desenvolvemento da capacidade de atención/observación participativa e o apoio para o uso de técnicas ou instrumentos específicos. Docencia presencial: in situ. Todo o alumnado: na plataforma de teledocencia Moodle (foro de avisos, noticias e dúbidas).

Actividades introductorias	A atención personalizada consistirá na orientación do nivel de aprendizaxe requirido, a introducción os materiais, a resolución de dúbidas e a explicación da dinámica do desenvolvemento da materia. Docencia presencial: na aula. Todo o alumnado: na plataforma de teledocencia Moodle (foro de avisos, noticias e dúbidas).
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá nas orientacións específicas, resolución de dúbidas ou problemas no desenvolvemento das secuencias de aprendizaxe. Todo o alumnado: na plataforma de teledocencia Moodle. Docencia presencial: na aula.

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Exame de preguntas obxectivas	O alumnado responderá a preguntas directas sobre aspectos concretos vistos no ámbito da materia, nas que a resposta é breve. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento da contorna próxima, local e rexional, e da súa Historia	40	A3	B1	C4	D1 D2 D4
Traballo	O alumnado elaborará un traballo ou informe tutelado pola docente que pode estar relacionado cos contidos ou coas actividades de campo. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas	40		B1 B3	C5 C18	D2 D4 D5 D6 D8 D9 D13 D15
Observación sistemática	Percepción atenta, racional, planificada e sistemática para describir e rexistrar as manifestacións do comportamento do alumnado, valorando aprendizaxes e accións (orde, precisión, destreza, eficacia, participación activa) a través do traballo autónomo en todos os escenarios docentes. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Interpretación do medio próximo a partir do coñecemento do pasado e participación en seminarios, previa realización de lecturas, sobre un tema concreto.	10	A3 A4 A5	B1 B3	C5	D1 D4 D5 D8 D15
Presentación	O alumnado fará unha exposición do traballo ou informe tutelado pola docente que pode estar relacionado cos contidos ou coas actividades de campo. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas	10		B1 B3	C5 C18	D2 D4 D5 D6 D8 D9 D13 D15

Outros comentarios sobre a Avaliación

Establécense dous sistemas de avaliación: continua (probas e actividades desenvolvidas ao longo do cuatrimestre) e global (datos oficiais de exame para cada oportunidade de avaliación establecida no calendario académico), entre os que o alumnado poderá elixir. Para superar a avaliación continua o alumnado deberá acadar una calificación mínima do 50% en cada un dos ítems de avaliación. En caso de non acadar a calificación mínima nalgún dos ítems de avaliación, a máxima nota posible será a máis alta dentro do suspenso (Artigo 32.2 do Regulamento sobre a Avaliación da Universidade de Vigo, do 2023).

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula. Docencia nonpresencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia MooVi, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e a consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de MooVi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándoas como propias" (dle-rae).

Para todo o alumnado especificaranse en MooVi as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. O seguimento individualizado da participación de cada estudante a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

Aqueles estudantes que elixan ser avaliados mediante a modalidade de "avaliación global" deberán comunicalo ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 días hábiles dende o inicio de cada cuatrimestre (artigo 19.4 do Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado da Universidade de Vigo, do 2023). O estudantado que opte pola modalidade de avaliación global será avaliado do programa da materia mediante una proba teórica (40%) e un traballo obrigatorio a consensuar co profesorado (60%)

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Piñeira, M.J. y Santos, J.M., **Xeografía de Galicia**, 1, Xerais, 2011

Varios Autores, **Atlas de Galicia**, 1, Xunta de Galicia, 2001

Varios Autores, **Patrimonio Geológico de Galicia**, 1, Enresa, 2004

IGE, **Instituto Galego de Estatística**, <https://www.ige.eu/web/index.jsp?idioma=gl>, Acceso 2002

SITGA, **Información Xeográfica de Galicia**, <http://mapas.xunta.gal/portada>, Acceso 2022

CMAOT, **Catálogo das Paisaxes de Galicia**, <https://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/>, Acceso 2022

AGADER, **Axencia Galega de Desenvolvemento Rural**, <https://agader.xunta.gal/es>, Acceso 2022

Xunta de Galicia, **Augas de Galicia**, <https://augasdegalicia.xunta.gal/>, Acceso 2022

CHMS, **Confederación Hidrográfica Miño-Sil**, <https://www.chminosil.es/gl/>, Acceso 2022

Bibliografía Complementaria

Cànoves, G. et al., **Turismo de interior: renovarse o morir**, 1, PUV, 2014

Recomendacións

Outros comentarios

Esta guía docente describe as liñas xerais da materia e concíbese de forma flexible. En consecuencia pode requirir reaxustes ao longo do curso académico promovidos pola dinámica do grupo ou pola relevancia de situacións que poidan xurdir.

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma MooVi, polo que todos os alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.